

EXPERIMENTOS CASEIROS...

...empregando comida.

Estos experimentos serán un acercamento diferente aos alimentos. Explorarán as súas texturas, as súas propiedades... Descubriremos aos pequenos e pequenas científicos/as que temos na casa. Aquí vos deixamos algúns experimentos sinxelos que podedes facer cos vosos/as fillos/as...

- PLASTILINA CASEIRA:

É un dos xogos favoritos dos nenos/as destas idades... ademais de divertir, estimula a creatividade, a motricidade fina, a concentración...

MATERIAIS:

- Fariña.
- Auga.
- Sal.
- Colorante alimentario.
- Un pouquiño de aceite (non é imprescindible).

PASOS:

1. Mesturar dous tazas e media de fariña cunha taza de sal, outra de auga e unha culler de aceite. Mesturar ben tódolos ingredientes ata que asemelle plastilina.
2. Divide a masa en 4 porcións. Engade a cada unha delas unhas pingas de colorante alimentario de diferente cor (unha cor en cada porción). Agora... A XOGAR!

CONSELLO: Conservar a plastilina en recipientes herméticos, separadas por cores, antes e despois de usala.

[VIDEO EXPERIMENTO](#) (premer)

- A COL DE CORES:

MATERIAIS:

- 4 vasos de auga.
- Colorante alimentario.
- Follas de col (ou outra verdura ou flor branca).

PASOS:

1. Agregar un pouco de colorante dunha cor diferente en cada vaso con auga.
2. Introdúcese unha folla ou flor en cada vaso.
3. Tesedes que deixalas alí toda a noite. A mañá seguinte os nenos e nenas poderán ver como as follas cambian de cor... É MAXIA!

[VIDEO DO EXPERIMENTO CON VERDURA](#) (premer)

[VIDEO DO EXPERIMENTO CON FLORES](#) (premer)



- O OVO QUE FLOTA:

MATERIAIS:

- 2 ovos.
- 2 vasos de auga.
- Sal.

PASOS:

1. Con moito coidado poñede o ovo no vaso con auga común e corrente. Veredes que o ovo vaise ao fondo.
2. No 2º vaso con auga temperá, botarlle 4 ou 5 culleres de sal. SORPRESA! O ovo flota!

EXPLICACIÓN: É por causa da densidade da auga. A densidade da auga con sal é maior que sen sal.

[VIDEO DO EXPERIMENTO](#) (premer).



- LEITE MÁXICA:

MATERIAIS:

- Leite enteira, leite desnatada e un iogur líquido.
- Colorante alimentario.
- Xabón de louza.
- Bastonciño de algodón.
- Prato.

PASOS:

CON LEITE ENTEIRA:

1. Botar leite nun prato.
2. Cando xa non se mova, botamos 3 gotas de colorante sen mesturar as cores.
3. Mollamos o bastonciño en xabón e observamos que pasa en contacto coa leite.

CON LEITE DESNATADA:

1. Facemos o mesmo que no caso anterior e observamos o que pasa (vai a moverse mais rápido).

CON IOGUR BATIDO:

1. Facemos o mesmo e observamos que pasa (neste caso é demasiado denso polo que botamos directamente unhas gotas de xabón sen empregar o bastonciño).

[VIDEO DO EXPERIMENTO](#) (premer)



- O XABÓN MÁXICO:

MATERIAIS:

- Auga.
- 1 prato.
- Pementa.
- Xabón líquido.

PASOS:

1. Botar auga nun prato e botarlle pementa.
2. Botar no dedo do neno ou nena un gota de xabón e meter o dedo no prato.
3. Observar o que pasa.

[VIDEO DO EXPERIMENTO](#) (premer)



- O PLÁTANO CON MENSAXE:

MATERIAIS:

- 1 Plátano.
- 1 escarvadentes (palillo).

PASOS:

1. Cun escarvadentes escribir na pel do plátano. Co paso do tempo vai escurecendo e podese ler a mensaxe secreta.



- O OVO SALTARÍN:

MATERIAIS :

- 1 ovo
- vinagre
- 1 bote de vidro con tapa

PASOS:

- Metemos no bote o ovo recheo de vinagre ata que esté completamente cuberto.
- Pecha o bote e déixao estar durante 2 días.
- Cando abras o bote descubrirás que se transformou nun ovo que bota.

VÍDEO DO EXPERIMENTO (premer)

EXPLICACIÓN:

Cando o ovo se sumerxe no vinagre, disólvese a casca e penetra no interior do ovo. Iso fai que o ovo se converta nun elemento elástico.



- **AVEA SAL TARINA:**

MATERIAIS:

- 1 prato
- copos de avea
- un globo
- unha luva ou roupa de lá

PASOS:

- Botamos nun prato un puñado de copos de avea.
- Inchamos un globo
- Frotamos o globo cunha luva de lá ou calquera outra roupa dese material.
- Pasamos o globo por encima do prato de avea e vemos como os copos saltan!

Os copos de avea ademais de ser saudables, están cheos de enerxía.



- ESPAGUETIS DE CORES:

MATERIAIS:

- Espaguetis
- Colorante alimenticio
- Bolsas de alimentación

PASOS:

- Cociñámos os espaguetis.
- En bolsas de alimentación poñemos un puñado de espaguetis en cada unha e colorante alimenticio de distintas cores.
- Removemos ben ata que se tinga todos.
- A comer!

